

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 2ª - 19 de xullo

“As comunicacións na empresa”

Estimado/a compañeiro/a:

A comunicación na empresa ten como obxectivo apoiar a estratexia da empresa proporcionando coherencia e integración entre obxectivos, os plans e as accións da dirección e a difusión e xestión da imaxe e da información. A función de comunicación é intanxible, complexa e heteroxénea. A clave do seu éxito consiste en xestionala mediante un departamento ou unidade de comunicación e un responsable que leve a cabo a integración dos factores e as técnicas que leva a súa aplicación dotándoa dos medios e recursos adecuados, utilizando para elo cada vez máis as ferramentas TIC.

Preténdese dar unha introducción aso conceptos e ferramentas a utilizar para a comunicación multidireccional, acadar unha ampla participación na comunicación, comunicar obxectivos de forma clara, incorporar elementos de innovación e creatividade coas novas tecnoloxías e, en definitiva, xestionar o coñecemento, tendo en conta que toda entidade ten unha imaxe e unha identidade propias, unha cultura e sistemas de organización interna e unha necesidade de xerar información.

- Relator:** D. Miguel Jiménez Polo (Ver no dorso)
Data e horario: 19 de xullo de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.
Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.
Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.
Cuota: Gratuíta, previa inscrición.
Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Último mecanismo do factor Europa"



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web dispórase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicáraselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicárase oportunamente.

A data límite para a recepción das inscricións remata o Venres, 15 de xullo.



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación



BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Maio 2006 - Actualidade. Técnico Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións da Universidade de Vigo, con tarefas de responsabilidade en xestión de redes, seguridade, cableado e sistemas. Profesor Asociado do Departamento de Informática da Universidade de Vigo. Especialista en equipamento Cisco 2960, 3560, 6500, ASA5540 e CiscoWorks.

Febreiro 2002 - Maio 2006. Director de Servizos Informáticos de Investigación da Universidade de Vigo, xestionando o persoal e os proxectos do servizo en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, destacando o Proxecto Europeo Torganet (creación de rede de banda ancha Gigabit entre Galicia e Norte de Portugal) e o Uvigo-Wifi (creación dunha rede wifi en todos os centros da Universidade). Profesor Asociado do Departamento de Informática da Universidade de Vigo.

1996 - 2002. Analista informático da Universidade de Vigo, con tarefas de responsabilidade en redes, seguridade, cableado, sistemas e atención a usuarios. Profesor Asociado do Departamento de Informática da Universidade de Vigo.

1994-1996. Consultor de Sistemas de Información en Unisys Corporation, con funcións de administrador de sistemas Unix e bases de datos Informix.

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- Estadísticas 2010 de penetración de comunicacións nas empresas.
- Tecnoloxías (cable, wifi, ADSL, fibra, radioenlaces, satélites, etc).
- Cableado estruturado.
- VoziP.
- IPV6.
- Instalacións nun Centro de Proceso de Datos.
- Seguridade nas comunicacións.